

## NOTIFICACIÓN DE AVALIACIÓN PARA CERTIFICACIÓN FSC

Como parte dunha avaliación de FSC, SELGA está buscando aportacións das partes interesadas con respecto á xestión forestal que se leva a cabo nos montes que están dentro do Grupo SELGA Xestión Forestal Sostible. Por favor, de ter algunha aportación que vostede considere de interese, fáganola chegar por correo electrónico ([certificacion@selga.es](mailto:certificacion@selga.es)) ou ben chame a calquera dos teléfonos que se lle aportan ao pé deste correo para comentar calquera cuestión ao respecto (tamén ten a posibilidade de poñerse en contacto coa empresa que vai facer a auditoría inicial do grupo, que será a compañía SCS Global Services (SCS) nos contactos que tamén pode atopar ao pé deste correo).

**Compañía Galega de Silvicultores S.L. (SELGA) está solicitando certificación baixo o “Consejo de Manejo Forestal” (o Forest Stewardship Council, FSC).** O FSC é unha organización non lucrativa, que promove o manexo responsable dos bosques en todo o mundo. FSC desenvolve e establece estándares internacionais que aseguran que se practica a silvicultura dunha maneira ambientalmente apropiada, socialmente benéfica e economicamente viable.

SELGA é unha empresa de asesoría e enxeñería forestal, especializada principalmente en servizos de planificación e certificación, constituída en Ponteareas (Pontevedra) no ano 2002. O Grupo a certificar baixo o Estándar Español de FSC está formando por **6 montes de xestión comunitaria da zona sur de Pontevedra** cunha superficie total de **1.672,37 ha** con orientación produtiva (principalmente *Pinus pinaster*) pero cunha importante compoñente conservacionista e social.

### ÁMBITO E PROCESO DA AVALIACIÓN DE CERTIFICACIÓN

A compañía SCS Global Services (SCS) realizará esta avaliación. SCS é unha Entidade de certificación acreditada por FSC e ten a súa base en Emeryville, California, EEUU.

O rendemento avaliarase sobre os “Estándares Españoles de Gestión Forestal para La Certificación FSC, V.2”. Na páxina web do Grupo SELGA XESTIÓN FORESTAL SOSTIBLE ([www.selga.es](http://www.selga.es)) poderá atopar o anuncio da auditoría e alí poderá descargar os estándares antes mencionados. Ademais, ao longo dos próximos días, e antes de que se leve a cabo a auditoría, se irá **poñendo a disposición pública outra documentación** que pode resultar de interese para avaliar o cumprimento da norma por parte da Entidade de Grupo (Selga) como por parte dos membros do Grupo.

As **etapas** da avaliación a realizar son as seguintes:

1. **Notificación pública:** distribución do estándar e solicitude de comentarios sobre a operación forestal.
2. **Preparación da auditoría e repaso de documentos.**
3. **Avaliación de campo:** Unha inspección dunha mostra representativa de sitios e operacións dentro da área forestal definida.
4. **Consulta de partes interesadas** (Stakeholders).
5. **Síntese de descubrimentos:** Determinase de conformidade co estándar e está formulada a decisión de recertificación
6. **Informe borrador:** Prodúcese un informe que describe o proceso da avaliación, descubrimentos, e a decisión de certificación.
7. **Revisión por Pares:** O informe de avaliación é revisado por dos especialistas independentes.
8. **Entrega do informe final de re-certificación**
9. **Decisión de Certificación:** Divulgación do resúmen público, si se adxudica a certificación.

### SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA

Como foi mencionado anteriormente, **SELGA solicita comentarios sobre a súa xestión e a dos membros do Grupo** así como sobre outros temas pertinentes á súa certificación FSC: por exemplo, si SELGA ou algún dos membros do Grupo cumpre cos requisitos legais, sociais, técnicos, e ambientais do estándar, ou si se identificou algún **Bosques de Alto Valor de Conservación** dentro das propiedades dalgún dos membros do grupo.

Para iso, como documento adxunto a este correo, lle remitimos un breve **cuestionario** no que poderá responder a preguntas relativas ao Grupo e aos seus membros. Agradeceríamoslle a remisión do mesmo para, con esa información, mellorar na medida do posible tanto a xestión que se realiza nos montes integrados dentro da

Unidade de Certificación de Grupo FSC como dos posibles impactos que esa xestión poida provocar sobre terceiros. Ademais, no caso de considerarse parte afectada, poderá solicitar que o integremos nunha base de datos para a remisión de información do seu interese no futuro.

Pódense mandar comentarios por email, correo, o fax ao Secretario Técnico de SELGA XESTIÓN FORESTAL SOSTIBLE (Sr. Daniel Rodríguez -detalles de contacto abaixo-) ou ben ao equipo técnico que realizará a auditoría (Sr. Kyle Meister -detalles de contacto tamén ao pé deste correo-). O equipo de auditoría pode reunirse coas partes interesadas a solicitude das mesmas. Tódolos comentarios serán estrictamente confidenciais a petición do remitente.

## **DATAS**

A avaliación de campo levarase a cabo durante a semana do 28 de outubro. SCS fará o posible por reunirse coas partes interesadas durante a avaliación pero, aínda así, se prefire a entrega de comentarios por escrito antes de que dea comezo a avaliación. SELGA, pola súa parte, ofrece a posibilidade de reunirse co persoal técnico do Grupo SELGA XESTIÓN FORESTAL SOSTIBLE para calquera tipo de aclaración ou consulta. Para elo, pode solicitar unha reunión ao Secretario Técnico na dirección de contacto que se aporta ao pé deste correo.

## **PROCEDEMENTO DE RESOLUCIÓN DE QUEIXAS DE SCS**

Os procedementos para a resolución de queixas están establecidos e dispoñibles a petición dos interesados, tal como está estipulado polo “FSC Interim Dispute Resolution Protocol” (Documento 1.4.3) e o “SCS Forest Conservation Program Quality Manual”, <http://www.scsglobalservices.com/your-feedback> e na web [www.selga.es](http://www.selga.es)

## **INFORMACIÓN ADICIONAL**

Pódese obter máis información sobre o FSC e SCS en los sitios web <http://es.fsc.org/> y [www.SCSglobalServices.com](http://www.SCSglobalServices.com). De igual xeito, se pode obter información sobre SELGA e o seu grupo de certificación no sitio web: [www.selga.es](http://www.selga.es).

**Por favor, pode poñerse en contacto con nós ou con SCS a través dos seguintes medios:**

### **Daniel Rodríguez**

Secretario Técnico  
Centro Cultural Xinzo  
Portela-Xinzo, s/n 36891 PONTEAREAS  
Pontevedra (ESPAÑA)  
Teléfono e fax: 986.660864  
[certificacion@selga.es](mailto:certificacion@selga.es)

### **Kyle Meister**

FSC Auditor Líder  
2000 Powell Street, Suite 600  
Emeryville CA 94608, USA  
+1.503.758.7768  
[kmeister@scsglobalservices.com](mailto:kmeister@scsglobalservices.com)

**Bosques con Alto Valor de Conservación:** Os Bosques con Alto Valor de Conservación son aqueles que conteñen un ou máis dos seguintes atributos: a) áreas boscosas que conteñan cantidades significativas a nivel global, rexional ou nacional, de: concentracións de valores de biodiversidade (v.g. endemismos, especies en perigo de extinción, refuxios); e/ou grandes bosques a nivel de paisaxe, contenidos en o que conteñen á unidade de xestión, onde existen en patróns naturais de distribución e abundancia, poboacións viables da maioría si non todas as especies que ocorren naturalmente b) áreas boscosas que se atopan en o que conteñen ecosistemas raros, ameazados ou en perigo de extinción c) áreas boscosas que proporcionan servizos naturais básicos en situacións críticas (v.g. protección de conchas, control da erosión) d) áreas boscosas que son fundamentais para a satisfacción das necesidades básicas das comunidades locais (v.g. subsistencia, saúde) e/ou críticas para a súa identidade cultural tradicional (áreas de importancia cultural, ecolóxica, económica ou relixiosa, identificadas en cooperación con ditas comunidades locais).